

## Importante ler o documento enteiro:

Ola rapaces e rapazas!! Os meus numerosos. Xa chega o momento da despedida.

Esta semana levades as últimas tarefas de 4º. Foi un curso moi curtiño pero paseino moi ben con vós. Sempre estaredes no meu recordo. Consequimos o impensable chegar a aprender e divertirnos sendo tan poucos. A vosa melloría facíase evidente día a día e síntome orgullosa de haber formado parte das vosas vidas.

Sabedes que nestes últimos meses o traballo non foi o mesmo. Agardo que sexades conscientes e, dentro das vosas posibilidades, sigades repasando e facendo cousiñas para non esquecer o aprendido.

As vacacións son longas e empezades en 5º. Despois de tanto tempo o cambio vai a ser moi duro. Lembrade ler moito, facer copiados e revisar as palabras difíciles. As que teñen "b", "v", "c", "z", "x", "j", "g"... ou acento gráfico (tilde). Lede cousas relacionadas coas ciencias naturais e sociais. Facédevos preguntas e resumide o que ledes ou contádello a alguén. Gravádevos nun vídeo co móbil e mirade coma o facedes (imitando aos locutores da radio ou da televisión). Facede moitas contas de sumas e restas con decimais (colocando ben a coma) e de multiplicacións e divisións para non esquecer a táboa de multiplicar. E sobre todo gozade do verán. Pasádeo moi ben e xogade todo o que poidades.

Sodes os "Meus NUMEROSOS". Cada día aprendín moito de vós. Sei que se queredes poderdes conseguir moitas cousas, pero tamén hai que traballar duro para acadar as metas. Traballade!!

Nestas dúas semanas que quedan de clase sigo a vosa disposición. Calquera cousa que queirades tedes o meu teléfono e o meu correo non dubidedes en poñervos en contacto comigo para calquera dúbida.

POR FAVOR mandádeme o traballo que teñades feito pois axudarame a poñer as vosas notas e para facer os informes que pide a Consellería.

Coma sempre teredes as actividades colgadas por áreas. Lede ben os consellos ou a teoría que está antes dos exercicios. Mandádeme Whatsapp

ou chamádeme para calquera dúbida, contestareivos ou chamareivos en canto poida ou vexa as vosas mensaxes.

### Contido dos arquivos:

- **Lingua Castelá**
  - Ficha lectura "Describir lugares reales".
  - Unha ficha de campo léxico.
  - Ficha do campo semántico.
  - Ficha dos pronomes.
  - Ficha do verbo.
  
- **Lingua Galega**
  - Lectura: Comprendo un xogo.
  - Ficha do diminutivo e aumentativo.
  - Tres fichas sobre o verbo e unha dos pronomes persoais.
  - Ficha de oracións
  
- **Matemáticas:**
  - Ficha de operacións variadas
  - 3 fichas de problemas
  - Ficha de xogar cos números
  - Ficha do código secreto
  
- **Ciencias Sociais**
  - Fichas de crucigrama das Comunidades Autónomas
  - Ficha do territorio de España
  - Ficha das Institucións de España
  
- **Ciencias Naturais**
  - Fichas de curiosidades dos mamíferos
  - Ficha dos réptiles, os anfibios e peixes
  
- **Plástica:**
  - Ficha para aprender a facer unha caixa con forma de corazón
  - Ficha para diferenciar cores cálidas e frías.

- Ficha de simetrías.

Outras cousas:

Lembrede ir as direccións dos especialistas e facer as súas tarefas:

- **Actividades de Inglés** xa que hai un arquivo de actividades para 4º (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1072>)
- **Actividades de Música no enlace:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/taxonomy/term/18>
- **Actividades de Educación Física:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/taxonomy/term/19>
- **Actividades propostas por Mº Jesús. Lembrede que sempre propón algo interesante que pode valer para calquera. Non deixedes de mirar as súas propostas.**

Hai tres vídeo mudos para que inventedes vós unha historia. Tamén hai un vídeo explicativo moi interesante de coma facer unha descrición de obxectos... Animádesvos a mandarme unha descrición dun obxecto da cociña ou do salón?

Coma sempre hai colgadas lecturas interactivas para mellorar a comprensión que veñen moi ben tamén para traballar durante o verán dun xeito moi divertido e ameno.

Hai xogos de ruletas, bingo, un xogo para repasar a táboa de multiplicar, para repasar as horas e outro que aínda que pon para primeiro e segundo pode ser moi divertido porque trátase de completar unha cara segundo a descrición das súas partes...

En fin que hai moitas actividades interesantes que podedes aproveitar aínda que non sexan específicas para vós. Ideais para seguir traballando no verán ao ser a través de xogos.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/taxonomy/term/61>

- **Actividades de Relixión:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1058>

**PARABÉNS POR CHEGAR ATA AQUÍ!! FELICES VACACIÓNS!!!**